

# O IMPERIO NAPOLEÓNICO

En 1789, **Napoleón**, contando co apoio da burguesía partidaria do mantemento da orde, deu un golpe de Estado, coñecido como *Golpe de Brumerio*, e estableceu un Goberno presidido por el, co título de *Cónsul*. Inagurouse así o **Consulado**, que se caracterizou por un goberno personalista e autoritario, que non establecía a división de poderes nin unha declaración de dereitos. A súa política encamiñouse a consolidar algúns dos principios moderados da Revolución burguesa, evitando o retorno do absolutismo e afastando do poder aos sectores máis radicais. Así, permitiu o regreso dos exiliados que aceptaron a nova orde e asinou en 1801 o *Concordato coa Santa Sé* que restablecía a paz relixiosa ao recoñecer a relixión católica, a cambio de que a Igrexa non reclamara as terras confiscadas ao clero durante a Revolución.



Tamén levou a cabo unha reforma administrativa de carácter centralista coa creación de *prefecturas*, que facían cumprir as ordes do Goberno nas provincias. Promulgouse o *Código Civil* que seguía os principios do liberalismo e reformouse a Facenda e o sistema de ensino. Así mesmo, para estimular a economía elaborouse un *Código de comercio* e creouse o *Banco de Francia*.

En 1804, aproveitándose do seu prestixio e da concentración de poderes nas súas mans, Napoleón deu un novo golpe de Estado e proclamouse **Emperador**. Os seus enormes triunfos militares e máis a súa habilidade para gobernar con man de ferro asentárono sen discusión no poder. Un dos motivos dese prestixio foi a súa capacidade para derrotar aos monarcas europeos que coaligaran os seus exércitos para loitar contra a Francia Revolucionaria.

Napoleón propúxose crear un grande Imperio europeo baixo a autoridade de Francia. Así, entre 1805 e 1810 enfrontouse a varias coalicións de países europeos que se formaron contra el, ás que derrotou en sucesivas batallas: Austerlitz, Ulm, Jena... En 1811 o **Imperio napoleónico** atopábase no seu apoxeo: logrou dominar gran parte de Europa occidental, desde Alemaña a España, e, coa excepción de Reino Unido, boa parte do resto de Europa quedou baixo o control de Francia.

En todos os países anexionados ou baixo influencia francesa, onde Napoleón colocou no trono a familiares ou xenerais do seu exército, impuxéronse as ideas revolucionarias: a supresión dos dereitos señoriais, dos décimos e dos privilexios nobiliarios, e a consagración da liberdade e da igualdade legal. Tamén se proclamou a liberdade económica, o dereito á propiedade e a liberdade relixiosa.

As conquistas napoleónicas xeraron unha dobre reacción nos países ocupados:

- Dunha banda, a abolición das monarquías absolutas e a supresión dos dereitos feudais espertaron as simpatías dos liberais en Europa.

- Doutra banda, os exércitos napoleónicos actuaron como **conquistadores**: a invasión dun exército estranxeiro, a violencia indiscriminada dos seus soldados e a submisión aos intereses materiais de Francia por enriba dos ideais revolucionarios (cobrar impostos, facer negocios, apropiarse das riquezas...) desencadearon nos territorios ocupados fortes **sentimentos nacionais** contra Francia e o xurdimento de movementos de resistencia á invasión.

O levantamento levado a cabo polos españois en 1808 contra a invasión e imposición dun rei estranxeiro (Xosé Bonaparte), foi o primeiro e o que marcou o **declive** do Imperio napoleónico.

En 1814, tras ser vencido en Rusia e en España, Napoleón abandonou o poder. Malia un efémero retorno, en 1815 foi derrotado en Waterloo e desterrado á illa de Santa Helena, onde morreu en 1821. **En Francia e Europa parecía inevitable a volta ao Antigo Réxime.**



- 1) Como consolidou Napoleón o seu poder tras o *Golpe de Estado de Brumerio*?
- 2) Sintentiza as reformas que introduciu Napoleón en Francia e xustifica por que se considera que lle puxo fin á Revolución e á vez consolidou algúns dos seus logros.
- 3) Incorpora ao teu traballo un mapa que represente a situación de Europa en tempos de Napoleón e cita os países sobre os que se estendeu o seu Imperio e cales foron os seus grandes adversarios.
- 4) Explica o dobre sentimento que provocou a invasión napoleónica nos países ocupados.
- 5) Comenta a caída de Napoleón.
- 6) Busca información para redactar unha breve biografía de Napoleón, o militar máis destacado da súa época.

# RESTAURACIÓN, LIBERALISMO E NACIONALISMO

Os Estados vencedores de Napoleón reuníronse entre 1814 e 1815, por proposta do *Chanceler* austríaco Metternich, no **Congreso de Viena**. O seu obxectivo era *poñerlle fin á expansión das ideas liberais* e a *restauración do absolutismo monárquico*.

Tras repoñer no trono aos monarcas depostos por Napoleón, as catro grandes potencias (Rusia, Reino Unido, Prusia e Austria) **remodelaron o mapa europeo**, o Imperio napoleónico dividiuse entre os vencedores, no seu proveito e sen ter en conta as aspiracións nacionais dos pobos, que quedaron así separados ou unidos contra a súa vontade:

- Francia volveu ás súas fronteiras de 1792 e creáronse novos Estados en torno a Francia para impedir a súa expansión (Países Baixos asimilou Bélxica e o reino de Piemonte recibiu Savoia e Xénova).

- As potencias vencedoras consolidáronse: Prusia e Austria dominaban Europa central; Rusia, Europa oriental; e o Reino Unido controlaba as rutas marítimas.

- Creación do reino de Polonia, baixo a soberanía do *Tsar* de Rusia e o reino de Noruega uniuse ao de Suecia.



As decisións do Congreso de Viena completáronse coa **Santa Alianza** (1815), que era un tratado de axuda mutua entre os monarcas europeos ante calquera ameaza de revolución liberal, que admitía o dereito de intervención militar. Para manter a orde absolutista en Europa, as potencias acordaron reunirse en congresos periódicos.

Malia a aparente volta ao Antigo Réxime, as ideas xeradas pola Revolución francesa influíran en moitos países europeos. Así, a partir de 1815, **liberalismo** e **nacionalismo** convertéronse nas dúas forzas de oposición á *Restauración*.

● O **liberalismo** defendía a liberdade individual, plasmada no recoñecemento de dereitos aos cidadáns (que deixarán de ser súbditos); a igualdade ante a lei, suprimindo os privilexios; e a implantación de réximes constitucionais, baseados na *soberanía nacional* e a *división de poderes*.

A ideoloxía liberal estendeuse, sobre todo, entre os burgueses e as grupos populares das grandes cidades.

● O **nacionalismo** defendía o dereito das **nacións** (comunidade con trazos propios derivados dunha historia, unha lingua ou unha cultura comúns) a exercer a súa soberanía e a crear o seu propio Estado. O seu obxectivo era que cada nación tivese o seu propio Estado (Estado-nación); e, polo tanto, reclamaba que as fronteiras das nacións coincidisen coas dos Estados.

A ideoloxía nacionalista estendeuse pola Europa do s.XIX e tivo un carácter de *disgregación* nos territorios sometidos a un poder estranxeiro, como Grecia, baixo o dominio do Imperio turco; ou *unificador* nas nacións fragmentadas que aspiraban a formar un Estado unificado, caso de Italia e Alemaña.



7) quen se reuniu no Congreso de Viena? Que obxectivos perseguían e que medidas se tomaron para acadalos?

8) Incorpora ao teu traballo un mapa que represente a remodelación do mapa político de Europa tras o Congreso de Viena e cita os cambios que supuxo.

9) Explica en que consiste o *liberalismo* e o *nacionalismo*.

10) Incorpora ao teu traballo un esquema ou mapa conceptual que recolla o sucedido no Congreso de Viena (protagonistas, obxectivos, resultados...).

11) Busca algunha caricatura que satirice o Congreso de Viena e fai un breve comentario do que representa.

# AS REVOLUCIÓNS LIBERAIS DO SÉCULO XIX

A orde da Resturación durou pouco. O liberalismo afianzárase como a ideoloxía da burguesía e resultaba inevitable que este grupo social, que tiña o poder económico, acabase tendo o poder político. Isto sucedeu coas revolucións de 1820, 1830 e 1848.

- Cara ao ano **1920**, unha serie de levantamentos dirixidos por activistas, sobre todo liberais, intentaron en diversos países (España, Portugal, Nápoles, Piemonte, Rusia) acabar co absolutismo e tomar o poder mediante insurreccións armadas, pero foron vencidos pola intervención dos exércitos da Santa Alianza.

Só en **Grecia**, onde se uniron os intereses liberais cun forte sentimento nacionalista, triunfou en 1921 unha insurrección contra o Imperio turco, que culminou en 1829 coa súa independencia.

- As **revolucións de 1830** afectaron a case toda Europa, e levaron aos liberais ao poder en moitos Estados. Iniciáronse en **Francia**, coa destitución do monarca absoluto Carlos X de Borbón e a implantación da *monarquía constitucional* de Luís Filipe de Orleáns. Tamén en **Bélxica** triunfou a revolución, que se independizou de Holanda e implantou un réxime liberal. A revolución se estendeu tamén a outros países: España, e Portugal (onde triunfou temporalmente o liberalismo) e a Polonia e a diversos Estados de Italia e Alemaña (onde rematou en fracaso, debido á intervención dos exércitos da Santa Alianza).

As insurreccións contaron cun importante apoio popular e, onde triunfaron, significaron a substitución do absolutismo por sistemas políticos constitucionais, nos que a burguesía exercía o poder. Agora ben, tratábase dun *liberalismo conservador*, no que se limitaban as liberdades públicas e o sufraxio era censatario, excluindo así aos grupos populares da política e do poder.

- As **revolucións de 1848** tiveron unha maior extensión e participación popular e foron máis radicais. Partiron de **Francia**, onde Luís Felipe se viu obrigado a abandonar o trono, proclamouse a *Segunda República* e implantouse unha *Constitución* moderada que establecía o sufraxio universal masculino. Fóra de Francia, a loita foi esencialmente contra os réximes absolutistas e tamén contra a dominación imperial austríaca. Deste xeito, a revolución tivo un carácter liberal en Viena e nacionalista en numerosos pobos de Hungría, Bohemia, Norte de Italia e da Confederación xermánica, que se levantaron contra os Imperios (*Primavera dos pobos*), pretendendo crear un Estado propio. Estes intentos nacionalistas fracasaron pola intervención dos exércitos da Santa Alianza.

A pesar das súas limitacións, **o balance das Revolucións liberais foi positivo**, pois consolidaron certas conquistas revolucionarias. Así, moitos países de Europa occidental adoptaron o liberalismo e dotáronse de Constitucións escritas nas que se recoñecía o *sufraxio censatario masculino*. E a servidume aboliuse en case todos os países europeos centrais e orientais, agás Rusia.

A **burguesía** foi a gran triunfadora e converteuse en conservadora e defensora da orde. Os **grupos populares**, en cambio, resultaron derrotados ao non conseguir transformacións políticas e sociais máis profundas. Pero tomaron conciencia de clase, e comezaron a organizarse para enfrontarse á burguesía e ao Estado liberal que contribuíran a crear.



O Xeneral Riego foi o protagonista en 1920 dun **pronunciamento** contra a monarca absoluto Fernando VII.



**12)** Busca mapas que se correspondan coas Revolucións liberais de 1820, 1830 e 1848 en Europa.

**13)** Cal foi o balance das vagas revolucionarias liberais do s.XIX? Que grupos sociais saíron beneficiados e derrotados deses movementos revolucionarios.


**14)** Completa un cadro, seguindo o modelo, para comparar as revoltas liberais do s.XIX.

Data	Zona afectada	Resultado (éxito, éxito temporal ou fracaso)

# O NACEMENTO DE NOVOS ESTADOS

Na segunda metade do s.XIX producíronse os procesos de **unificación de Italia e Alemaña**, que presentaron unha serie de semellanzas.

En primeiro lugar, a unidade foi dirixida polo territorio máis desenvolvido de cada un dos países (Piemonte e Prusia, respectivamente). En segundo lugar, as dúas unificacións conseguíronse despois de anos de intensos conflitos armados.



Garibaldi axuda a Vitor Manuel a “calzarse” a bota de Italia.

## ITALIA

O proceso de unificación de Italia, que estaba dividida en varios Estados, foi dirixido polo **reino de Piemonte-Sardegna**. Os seus protagonistas foron o rei **Vitor Manuel II** (de carácter liberal) e o seu **primeiro ministro Cavour**; e o **revolucionario Garibaldi**. A unificación realizouse en varias etapas.

Primeiro, en 1859, Vitor Manuel incorporou Lombardía ao reino de Piemonte-Sardegna loitando contra Austria, e os ducados centrais de Italia. Paralelamente, un levantamento popular, dirixido por Garibaldi, conquistaba o reino de Dúas Sicilias, no sur, á fronte dun exército coñecido como “*os mil camisas vermellas*”.

Tras esta unificación parcial, o primeiro parlamento italiano **proclamou rei de Italia a Vitor Manuel en 1861**. O novo Estado, con capital en Roma, implantou un sistema político liberal baseado no sufraxio censatario. Finalmente, a unidade completouse coa anexión de Venecia (1866) e a conquista dos Estados Pontificios (1870).

## ALEMAÑA

Alemaña estaba dividida en máis de 30 Estados reunidos, desde o Congreso de Viena, na *Confederación Xermánica*, que presidía Austria. O principal problema para a súa unidade era a rivalidade entre as dúas potencias xermánicas: Prusia e Austria. O **proceso de unificación** foi dirixido polo **reino de Prusia** e os protagonistas foron o rei **Guillermo I** e o **chanceler Bismark**, os dous propuxéronse unificar Alemaña sen incluír a Austria, o seu rival político. A unificación realizouse en varias etapas.

Primeiro, Prusia enfrontouse e derrotou a Austria en Sadowa (1866), o que permitiu unificar os Estados alemáns do norte. Logo, enfrontouse e venceu a Francia en Sedán (1870), incorporando Alsacia e Lorena; e unificou os Estados alemáns do sur. Iniciábase así o **II Reich** ou Imperio alemán (1871) e Guillermo I foi proclamado **Káiser** (Emperador).

Otto von Bismark



As **ideas nacionalistas** favoreceron os procesos de unificación de Italia e Alemaña, onde contribuíron á **difusión das ideas de construción dun Estado liberal** unitario. No último terzo do s.XIX semellaba que Europa acadara unha certa estabilidade política e de fronteiras. Pero unha serie de **conflitos seguían latentes**.

Os Imperios austríaco e turco seguían a ser réximes absolutistas e neles persistían graves problemas nacionais, xa que baixo as súas fronteiras se mantiñan pobos que aspiraban á independencia. Era o caso dos húngaros, checos e polacos, en Austria; e de serbios, croatas e búlgaros, en Turquía.

**15)** Que trazos comúns presentan as unificación de Italia e Alemaña.

**16)** Busca mapas que representen as unificacións de Italia e Alemaña e imaxes dos seus protagonistas.

**17)** Completa un cadro, seguindo o modelo, para comparar os procesos de unificación de Italia e Alemaña.

Axentes e factores	Italia	Alemaña
<b>Estado que dirixe a unificación</b>		
<b>Monarca / Primer ministro</b>		
<b>Fases e data da unificación</b>		

**18)** Que problemas persistían a finais do s.XIX nos Imperios austríaco e turco?